

SEPE

Acción Social, Puntos Violeta e Fichaxe

22/03/2024

O día 21 houbo reunión da Mesa Delegada para tratar os seguintes temas:

ACCIÓN SOCIAL

Aprobáronse as bases de acción social sen o respaldo de todos os sindicatos en protesta polo mantemento do recorte do orzamento de acción social que no seu día fixo o goberno do PP e que o PSOE mantén.

A súa convocatoria está prevista para principios de abril. Aceptouse a proposta da CIG de subir a contía máxima do importe a percibir a 1.100 € e 1.400 € no caso das familias numerosas.

Na axuda por aluguer o resto de sindicatos pediron que se modifique para aumentar as zonas que figuran como tensionadas e incrementar neses lugares o importe da axuda.

A CIG está en contra desta medida porque a delimitación de zonas tensionadas non é obrigatoria e vai depender de cada comunidade autónoma que as estableza ou non. De feito, a Xunta de Galicia xa anunciou que non actuará de oficio nesta medida.

Non foron aceptadas as propostas da CIG de:

- Modificar a redacción dos beneficiarios para que aquelas persoas que se incorporaron ó SEPE por concurso de traslados ó longo do 2023 e o que vai de 2024 poidan percibir a acción social do SEPE integramente. Coas bases actuais iso non é posible e tampouco a poden solicitar no seu anterior destino por non estar nel en activo. Esta proposta, que está recollida no Acordo da Mesa Xeral de Negociación da AXE de 2011, sobre criterios comúns aplicables ós Plans de Acción Social, non foi aceptada nin pola Administración nin polo resto de representación sindical.
- Suprimir a axuda por gastos de “sepelio” e no seu lugar convocar a axuda por defunción que actualmente está suspendida. Entendemos que a axuda por gastos de “sepelio” discrimina a aquelas persoas que teñen un seguro de decesos, xa que os gastos os cubre o seguro.
As persoas que teñen este tipo de seguros o que fan realmente é pagar a prazos os gastos do “sepelio”. Coa nosa proposta de convocar a axuda por falecemento cun importe fixo entendemos que o reparto sería máis igualitario.

O SEPE informounos de que van pedir un incremento retributivo do orzamento de acción social para recuperar as contías anteriores ó recorte de 2011.

PUNTOS VIOLETA

A CIG presentou a súa queixa por como está xestionando este tema o SEPE. Entendemos que antes poñer en funcionamento estes puntos deberían ter dado a formación necesaria ó persoal que vai ter que atendelos.

A administración deunos a razón e di que está co tema. A realidade é que no SEPE séguese actuando ás presas e deixando que o persoal se busque a vida.

NOVA APLICACIÓN DA FICHAXE

No mes de abril, varias provincias, entre as que está Pontevedra, ficharán simultaneamente co sistema actual e o novo. Se a proba sae ben, en maio todo o organismo fichará coa nova aplicación.

Este cambio leva implícita unha modificación da Instrución de horarios do SEPE que xa se empezou a negociar.